

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*Orde do 5 de febreiro de 2010 pola que se acorda pechar o prazo de presentación de solicitudes de incorporación de vivendas ao Programa de vivenda en aluguer, regulado polo Decreto 48/2006, do 23 de febreiro.*

O Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o Programa de vivenda en aluguer, desenvolvido pola Orde do 22 de xuño de 2006 da extinta Consellería de Vivenda e Solo, determina as condicións e o procedemento de incorporación de vivendas ao dito programa para o seu posterior arrendamento.

O artigo 2 do Decreto 48/2006 establece que se poderá acordar o peche do prazo para a presentación de novas solicitudes de incorporación de vivendas ao programa por parte dos seus titulares, no caso de superar o número estimado de vivendas cedidas para o seu arrendamento de acordo coas sucesivas convocatorias de subvencións publicadas anualmente no *Diario Oficial de Galicia*.

Nestes momentos, o número de vivendas incorporadas sitúase arredor das 4.000, das que máis de 300 están desocupadas e, polo tanto, son susceptibles de ceder en arrendamento no programa e, pola súa vez, existen preto de 1.000 solicitudes en trámite. Aínda previndo que non prosperen todas as solicitudes e que ao longo deste período se produzan baixas de vivendas actualmente no programa, estes datos reflicten que as vivendas incorporadas exceden o número estimado de acordo co marco orzamentario do Programa de vivenda de aluguer e coa convocatoria de subvencións aprobada por Resolución do 22 de decembro de 2009 e publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 4, do 8 de xaneiro de 2010.

O Decreto 48/2006 do 23 de febreiro, no seu artigo 2 atribuíu á titular da extinta Consellería de Vivenda e Solo a competencia para acordar mediante orde o peche do prazo de presentación de solicitudes de incorporación de vivendas. Actualmente, de conformidade co disposto nos decretos 79/2009, do 19 de abril, 83/2009, do 22 de abril, e 316/2009, do 4 de xuño, as competencias en materia de vivenda e solo están atribuídas á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que as desenvolve a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, organismo autónomo de carácter comercial e financeiro.

Na súa consecuencia, en virtude das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia, o artigo 2 do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o Programa de vivenda en aluguer e o Decre-

to 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Peche do prazo de presentación de solicitudes de incorporación de vivendas ao Programa de vivenda en aluguer.

Ao abeiro do establecido no artigo 2 do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, queda pechado o prazo para a presentación de solicitudes de incorporación de vivendas ao Programa de vivenda en aluguer.

#### Disposición derradeira

Entrada en vigor.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2010.

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio  
e Infraestruturas

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 20 de xaneiro de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2009.*

Para os efectos previstos no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración subscritos pola Secretaría Xeral da Igualdade, no terceiro cuadrimestre do ano 2009, os cales se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2010.

Marta González Vázquez  
Secretaria xeral da Igualdade